



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Eduardo Blanco Amor - Culleredo



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

Cordeda s/n 15174 Culleredo. A Coruña

Tlf.: 981 66 73 91 – Fax.: 981 66 68 94

[ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es](mailto:ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es)

[centros.edu.xunta.es/iesblancoamor](http://centros.edu.xunta.es/iesblancoamor)



## **CIRCULAR INFORMATIVA ÁS FAMILIAS**

### **Asunto: calendario de fin de curso e entrega de libros de texto ao fondo solidario**

Estimadas familias: informámoslles dalgúns asuntos do seu interese.

- 21 de xuño é o último día de clase.  
Ata ese día haberá clase, como de costume. O día 21 terán lugar actividades ao aire libre e actuacións no instituto.
- 25 de xuño entregaranse os boletíns de notas en horario de 11:00 a 12:00 horas. Non haberá transporte escolar. Este mesmo día poderán reclamar verbalmente as cualificacións aos profesores en horario de 12:00 a 13:00 horas.
- A partir do día 26 os alumnos ou familiares autorizados poderán recoller en conserxería os boletíns que non foron entregados o día anterior.
- Os días 26 e 27 atenderanse as reclamacións ás cualificacións por escrito en horario de 11:00 a 13:00 horas.
- Do 25 de xuño ata o 10 de xullo, abrírase o prazo para que se matriculen os alumnos que aprobaran todo en xuño.
- Cos boletíns de notas recibirán información polo miúdo sobre a matrícula e os exames extraordinarios de setembro.
- Achégase unha folla para solicitar a reserva de praza no comedor e no transporte escolar para o vindeiro curso. Se as familias están interesadas deberán cubrir a solicitude e entregala en Administración antes do 25 de xuño.
- Os que aproben todo en xuño, e o resto dos alumnos en setembro, recibirán un consello orientador no que estarán reflectidos os resultados acadados e unha proposta académica. Este Consello está dirixido ás familias, e se entregará en man aos seus fillos cos boletíns. Se algún de vostedes quere recibilo persoalmente deberá presentar unha solicitude en administración antes do día 21 de xuño.
- Do 7 ao 15 de xuño os alumnos de 3º e 4º de ESO e 1º de bacharelato deben facer unha reserva da opción académica que elixen para o curso próximo. Isto suporíalles unha vantaxe de cara á adxudicación preferente de optativas e/ou itinerario con respecto aos que non o fan. Esta reserva, polo tanto, é recomendable, e válida tanto para os que aproben todo en xuño como para os que deban examinarse en setembro.  
Os que teñan materias pendentes para setembro e fan esta reserva en xuño, poderán elixir cubrir a reserva para o curso ao que deberían promocionar; para o actual, por se repiten; ou ámbalas dúas.
- Os alumnos que vaian cursar unha Formación Profesional Básica recibirán cos boletíns de setembro toda a documentación que necesitan para matricularse.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Eduardo Blanco Amor - Culleredo



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO

Cordeda s/n 15174 Culleredo. A Coruña

Tif.: 981 66 73 91 – Fax.: 981 66 68 94

[ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es](mailto:ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es)

[centros.edu.xunta.es/iesblancoamor](http://centros.edu.xunta.es/iesblancoamor)



## **ENTREGA DE LIBROS**

A partir do luns 18 de xuño, os alumnos poderán ir entregando en conserxería os libros do fondo solidario, así como os que voluntariamente desexen achegar das materias que estean seguros que van aprobar en xuño.

Esta entrega pode ser realizada polas familias en horario de 9:00 a 13:30 h.

O prazo de entrega remata o 22 de xuño. O día 25 os titores recollerán os libros que falten por devolver no momento da entrega de notas.

**É importante que lembren que a entrega dos libros é condición indispensable para recibilos do fondo solidario e/ou ser beneficiario do cheque de material escolar.**

Culleredo, 4 de xuño de 2018

A directora

Carmen R-Trelles Astruga



## SOLICITUDE COMEDOR E/OU TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2018/2019

D/Dª .....

pai/nai do alumno/a .....

con domicilio en: .....

Solicita comedor escolar para o seu fillo para o curso 2018/2019.

Indique se hai algunha comida que non poida tomar: .....

Solicita transporte escolar para o seu fillo para o curso 2018/2019

Bus nº ..... parada: ..... (poñer o nome da parada que se atopa ao final)

En Culleredo, a ..... de ..... de 2018

O pai/nai/titor/a legal:

Asdo.: .....

Ademais, **os solicitantes de comedor escolar subvencionado, antes do 11 de setembro** deberán achegar o anexo VI, **que pedirán en secretaría** debidamente cuberto e asinado polos membros da unidade familiar maiores de idade xunto coa documentación acreditativa da situación familiar se se atopan nalgún dos seguintes supostos:

(marcar cun x):

- Situación de exclusión social
- Familia numerosa
- Incompatibilidade horaria dos pais ou titores legais
- Situación de acollemento familiar
- Discapacidade do alumno
- Unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero

### Servizo de autobús:

<b>Nº 1</b>	<b>Nº 2</b>	<b>Nº 3</b>	<b>Nº 4</b>
1. Vinseira Pequena	1. Vilaverde	1. Os Olivos	1. Rumbo
2. A Gándara	2. Xalo	2. Vallesur	2. Boedo
3. Celas de Peiro	3. Folgueira	3. Orro Cruz	3. Bregua
4. Hermida de Peiro	4. Castelo	4. Orro Ponte	4. Ledoño cruce
5. Peiro de Arriba	5. Donepedre	5. Orro C.Tenis	5. Ledoño
6. Peiro de Abaixo	6. Vinseira Grande	6. Fontemaior	6. Tarrío
7. Cabana	7. Cruce Vinseira	7. Hermida	7. Rita
8. Sésamo-Naveira	8. Sueiro	8. Bosque	8. Loro
9. Sésamo-Igrexa	9. Valiñas	9. Castro	9. Liñares 1
10. Casal	10. A Telva	10. Laxe	10. Liñares 2
11. Aíán - Barrié	11. Fricosa	11. Urb. Rialta	11. A Gramalleira
12. A Toxa	12. Os Pelamios Eiroa		12. Hombre
13. Alvedro	13. O Burgo – A Palma		

**Só terán dereito a transporte e comedor escolar os alumnos que vivan na área de influencia do centro. Os demais alumnos que o soliciten poderán autorizarse de forma excepcional sempre que haxa prazas libres.**

Entregade o impreso cuberto antes do 25 de xuño